

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 11

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Un oficio de familia

Descrición da unidade

O eixe temático desta unidade é o traballo: desde o de bruxo ata os oficios tradicionais. O mago Mefisto é o protagonista da lectura da unidade, que a través dunha entrevista introduce tanto o campo semántico que se desenvolverá a continuación como os contidos dos apartados de Expresión e Literatura. Así, a partir dun texto divertido e dun modelo textual atraente para os rapaces e rapazas destas idades, poderán assimilar mellor os conceptos e poñer en práctica as súas competencias.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido ao traballo.
- Formación de palabras mediante sufixos.
- Identificación e uso das formas átonas do pronome persoal.
- Palabras con *b* e con *v*.
- Preparación dunha entrevista.
- Características dos poemas dialogados.
- Aspectos propios da nosa cultura.

Temporalización:

Abril

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido ao traballo.
2. Formar palabras derivadas por sufixación.
3. Coñecer e aplicar con corrección as formas átonas do pronome persoal.
4. Escribir correctamente palabras con *b* e con *v*.
5. Recoñecer as características dos poemas dialogados.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun texto dialogado. • Adquisición de novo vocabulario referido ao traballo e formación de palabras mediante sufixos. • Identificación e uso dos pronomes persoais átonos. • Palabras con <i>b</i> e con <i>v</i>. • Preparación dunha entrevista. • Identificación dalgunhas características dos poemas dialogados. • Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: os oficios tradicionais. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto dialogado con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto dialogado con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas ao traballo e identificar palabras derivadas por sufixación.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo ao traballo e palabras novas. 3.2. Recoñece sufixos en palabras dadas. 3.3. Distingue entre os sufixos que serven para crear palabras novas e aqueloutros que só modifican o significado das palabras ás que se engaden.
	4. Coñecer as formas átonas dos pronomes persoais e empregalas.	4.1. Identifica e emprega correctamente as formas átonas do pronome persoal.
	5. Escribir correctamente palabras con <i>b</i> e con <i>v</i> .	5.1. Escribe correctamente palabras con <i>b</i> e con <i>v</i> e evita as interferencias co castelán.
	6. Elaborar unha entrevista.	6.1. elabora unha entrevista a partir dun modelo e seguindo un guión.
	7. Recitar un poema dialogado.	7.1. Recita un poema coa entoación adecuada e facendo as pausas necesarias.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un texto dialogado con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao traballo e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.
3.2. Recoñece sufixos en palabras dadas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.3. Distingue entre os sufixos que serven para crear palabras novas e aqueles outros que só modifican o significado das palabras ás que se engaden.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
4.1. Identifica e emprega correctamente as formas átonas do pronome persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividades 3 e 4 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Escribe correctamente palabras con <i>b</i> e con <i>v</i> e evita as interferencias co castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo e actividade 5 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (dictado).
6.1. Elabora unha entrevista a partir dun modelo e seguindo un guión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.

7.1. Recita un poema coa entoación adecuada e facendo as pausas necesarias.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividades 4 e 5 de reforzo dos RF.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a	Desenvolve un pensamento propio e expresa os seus

	mellora do pensamento crítico, emocional e interdependente.	sentimentos e ideas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Desenvolve a súa creatividade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora o labor dos medios de comunicación para coñecer a realidade social. Valora a contribución dos distintos profesionais a un mellor funcionamento da sociedade e ao ben común.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para desenvolver traballos de grupo e expoñer un tema diante dos compañeiros.
	Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades.	Pide axuda se a necesita.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar interese e respecto polas tradicións.	Mostra interese pola literatura popular e por coñecer outros aspectos da cultura propia.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas, e coa ficha de comprensión lectora dos RF.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido ao traballo no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de palabras derivadas por sufixación.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar e usar correctamente os pronomes persoais átonos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso do *b* e do *v*.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a elaborar unha entrevista.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA algunhas características dos poemas dialogados.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos da nosa cultura.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral a través dos textos que achega a unidade.
- Faga fincapé na importancia de elaborar un guión non só para preparar adecuadamente unha entrevista, senón tamén outros traballos. O guión implica planificación, paso primeiro e fundamental para desenvolver logo calquera tipo de texto.
- Se as circunstancias e as posibilidades o permiten, sería interesante utilizar medios audiovisuais nas entrevistas que elaboren os alumnos e alumnas, tanto para a busca de información como para gravar o resultado final.
- Os poemas dialogados constitúen, á parte dunha maneira de achegar o alumnado á tradición, un tipo de composición que, pola súa estrutura e ritmo lúdico, resulta moi propicia para a memorización e a expresión oral. Trátase dun xénero que adoita ter moi boa acollida entre os escolares e que lles gustará traballar. Por iso, pode ofrecerlles máis exemplos, como os que atopará no libro de Manuel Rico Vereá que consta na bibliografía desta unidade da programación didáctica.
- Así mesmo, convén fomentar o aspecto lúdico da linguaxe, mediante o xogo, as actividades de creación e o traballo cooperativo.
- Cómpre, coma sempre, fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Antón Cortizas: *O merlo de ferro*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - ----- : *A merla de trapo*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Manuel Rico Vereá: *Tan tarantán tarantán tarantiña. Recitativos e outras lérias de tradición oral*, Edicións Fontel.
 - María Alcañiz: *A profesora Ripaldí*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Paco Marín: *Das cousas de Ramón Lamote*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
 - Paulino Pereiro: *Cancións de aquí e de acolá*, Baía Edicións.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.

- Información de interese:
 - Oficios *tradicionais*:
<http://www.concelloesgos.com/?id=153>
 - *Cancioneiro popular galego* (oficios e labores):
<http://www.fundacionbarrie.org/cancioneiro/volumen1/grupo1/audios.php>
 - Programa «Prensa-Escuela» de La Voz de Galicia:
<http://www.prensaescuela.es/web/gallego/home/home.php>
 - Entrevista a Xosé Neira Vilas:
http://galego.vtelevision.es/informativos/viav/2012/03/06/0031_6_128899.htm

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?